



Ruta Camiño da ribeira

Os primeiros pasos da ruta de sendeirismo Camiño da Ribeira parten xusto fronte á casa natal do poeta Eduardo Pondal seguindo a desembocadura do río Anllóns polo paseo fluvial e polo malecón do Couto ata a enseada da Insua. O dique de terra separa a ancha canle das marismas que desde comezos do s. XIX e ata finais dos anos 80 foron productivas terras de cultivo (millo).

O esteiro é un lugar de alto valor ecolóxico declarado Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) da Costa da Morte Norte e LIC (Lugar de Importancia Comunitaria) da Rede Natura 2000. Aquí atopan refuxio e alimento numerosas aves acuáticas, autóctonas e migratorias, especialmente limícolas e algunhas en perigo de extinción como a píllara das dunas.

O percorrido continúa bordeando a enseada, onde atoparás un observatorio ornitolóxico case enfronte da illa dos Cagallóns, e pola aba do monte Branco. Un carreiro alternativo polo monte permite subir ao cumio para ter unhas mellores vistas da contorna e outro sendeiro entre a area conducirte á solitaria praia da Barra ou do Medio, ao pé das dunas móbiles. Ten coidado de non as pisar.

O sistema dunar protexe o esteiro dos embates do océano Atlántico que se abre ao mar na ría de Corme e Laxe. Chegando á pequena illa da Tiñosa, á que é posible cruzar a pé en baixamar, o son rítmico das ondas e o olor fugaz a salitre anunciarache a proximidade ao mar aberto. O poeta Eduardo Pondal dicía que este illote de pedra “produce excelentes mexillóns e é refuxio de salvaxes petrelos e gaivotas “.



Como se dunha alfombra de area se tratase, un sendeiro de pescadores flúe ata a praia de Balarés. As pinchiñas negras que salpican os cantís son mexillóns e detrás dos dous cabos que verás de fronte, escóndese a punta do Roncudo, onden medran os coñecidos e afamados percebes da Costa da Morte.

Tras un descanso na praia de Balarés, sede dunha esgotada mina de titanio e porto de saída desde mineral e de wolframio do próximo monte Neme, a ruta discorre polos cantís do monte da Facha cara ao val de Gondomil. O monumento coñecido como a Pedra da Serpe ben merece unha parada para descubrir o reptil alado gravadoa na súa base.

As balizas e as marcas sinalizadoras levarante agora cara á praia da Ermida, protexida pola illa da Estrela e á que unha vez, disque, estivo unida; e cara aos areais do Osmo da Arnela. A última parada será Corme, onde te atoparás coa súa bagaxe mariñeira e comercial e coa súa historia actual que segue vinculada ao mar.

A ruta de sendeirismo Camiño da ribeira (PR- G148) está marcada nos dous sentidos polo que os máis animosos poderedes voltar cara á Ponteceso polo mesmo traxecto ou pola variante que sobe a carón da pedra da Serpe ata o Monte dos Loureiros e o Alto das Travesas (PR-G 148.1, 5,57 km).

Se a opción é quedar en Corme, unha ruta alternativa ata o cabo Roncudo permitirache continuar coa experiencia sensorial a carón deste agreste mar da Costa da Morte para ver onde medran os percebes máis afamados polo seu sabor, pero tamén pola perigosidade do oficio dos percebeiros.



Desde aquí, podes continuar explorando a costa de Ponteceso cara ao norte: a enseada da Barda, o porto de santa Mariña coas súas casetas de pescadores, a praia de Niñóns e o monte Faro. Aquí, onda a capela da virxe do mesmo nome, hai un monumento ao Sagrado Corazón de Xesús de 39 m de altura cunha escaleira interior de 133 chanzos.

Se a vertixe cho permite, as vistas da costa de Ponteceso son inmejorables!